

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

- 10598** *Real decreto 840/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as circunstancias de execución das penas de traballo en beneficio da comunidade e de localización permanente en centro penitenciario, de determinadas medidas de seguridade, así como da suspensión da execución das penas privativas de liberdade e substitución de penas.*

A Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, incidiu de maneira tan relevante no sistema de medidas penais –penas e medidas de seguridade– deseñado polo vixente Código penal que por si mesma fai necesario un novo marco regulamentario regulador das circunstancias de execución das penas de traballos en beneficio da comunidade e de localización permanente, de determinadas medidas de seguridade, así como da suspensión e substitución da execución das penas privativas de liberdade, do mesmo modo que a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, determinou o Real decreto 515/2005, do 6 de maio.

Así, respecto da pena de localización permanente, poden destacarse como novidades significativas a ampliación do seu límite de cumprimento, que como pena leve pasa de doce días a tres meses; a súa expresa previsión como pena menos grave, con duración comprendida entre tres meses e un día ata os seis meses; a expresa regulación do seu cumprimento excepcional en centro penitenciario en réxime de fin de semana e días festivos, como resposta apropiada para supostos de reiteración de infraccións, actualmente limitadas ás faltas de furto; a innovadora proxección do seu ámbito de aplicación ao marco da substitución das penas privativas de liberdade; e, finalmente, a habilitación de maneira expresa á autoridade xudicial para que poida acordar a utilización de medios de control mecánicos e electrónicos que permitan a localización do reo.

Pola súa vez, respecto da pena de traballos en beneficio da comunidade a dita reforma legal supuxo unha clara ampliación do seu contido estrito, consistente na prestación non remunerada de actividades de utilidade social, ao recollerse a posibilidade da eventual participación do penado en talleres ou programas formativos ou de reeducación de contido e proxección plural –laborais, culturais, de educación viaria, sexual e outros similares–, que, ben que xa se anticiparan no Real decreto 1849/2009, do 4 de decembro, que modificou o Real decreto 515/2005, do 6 de maio, agora xa non ven restrinxida a súa aplicación a infraccións relacionadas coa seguridade viaria.

Ademais, a reforma legal abordou unha importante modificación da regulación das medidas de seguridade, que se articula, entre outros aspectos, en primeiro lugar, en que se substituíu o catálogo das medidas de seguridade non privativas de liberdade, destacando a introdución da liberdade vixiada, que impón o cumprimento polo sentenciado de certas obrigas e prohibicións xudicialmente establecidas –ás que se reconduciron as medidas de seguridade suprimidas, xuntamente con outras diferentes–, e a isto debe sumarse a previsión, dentro da liberdade vixiada, dunha modalidade pospenitenciaria, cuxa aplicación a lei reserva a unha perigosidade criminal asociada non xa a supostos de inimputabilidade ou semiimputabilidade, senón á propia tipoloxía delituosa, ben que limitada a casos moi taxados –delitos de terrorismo e certos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual. Por outra parte, a reforma da Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, suprimiu a intervención do xuíz de vixilancia na dinámica do procedemento revisor das medidas de seguridade non privativas de liberdade, dando así acollida ao criterio establecido polo Tribunal Supremo, o cal, pola súa vez, asumiu neste sentido anteriores advertencias doutriniais e dos propios xuíces de vixilancia; tan só se conservou a súa presenza na custodia familiar e en relación coa liberdade vixiada pospenitenciaria, atendida neste último caso a inmediata relación do xuíz de vixilancia coas institucións penitenciarias ás que se confiou o

cumprimento material da pena de prisión, tras cuxo termo se activa esta modalidade de liberdade vixiada.

A necesidade de adaptar a actividade das institucións penitenciarias en relación con estas novas previsións legais xustifica, como se dixo, a necesidade dun novo marco regulamentario. Pero, ademais, incorporáronse varias novidades, de índole terminolóxica unhas; nacidas outras da conveniencia de racionalizar a intervención das institucións penitenciarias conforme as funcións naturais que lles son propias; e finalmente, a reordenación do procedemento de definición dos plans administrativos –de execución, ou control e intervención e seguimento–, outorgándolle carácter executivo, ben que sometido ao necesario control xudicial, ante as distorsións orixinadas polo modelo aplicado ata agora.

Respecto das novidades terminolóxicas, pode salientarse en primeiro lugar a mención dos servizos de xestión de penas e medidas alternativas, unidades administrativas dependentes da Administración penitenciaria que están configuradas como equipos multidisciplinares nos que se integran os servizos sociais penitenciarios, e que teñen encomendado o cumprimento das penas e medidas alternativas á privación de liberdade; en segundo lugar, a expresa referencia á resolución ou mandamento xudicial da medida penal de que se trate, para designar a resolución que comunica á institución penitenciaria o seu deber de activar o correspondente plan de execución, ou de intervención, control e seguimento; e finalmente, a cita do órgano xurisdiccional competente para a execución, que vén substituír a mención do xuíz ou tribunal sentenciador: as novas realidades derivadas da aparición dos xuíces de executorias e especialmente da posibilidade de que o xuíz de instrución sexa o xuíz sentenciador nos casos de conformidade recollidos no trámite do artigo 801 da Lei de axuízamento criminal, enténdese que obrigan a abordar unha nova denominación desa autoridade xudicial á cal se lle atribúe a competencia de facer executar o xulgado, que xa non necesariamente se corresponde coa tradicional denominación de xuíz ou tribunal sentenciador.

Entre as demais novidades, cabe destacar as realizadas na pena de traballo en beneficio da comunidade. Así, debe partirse de que a lexislación impón que o cumprimento de todas as penas e medidas de seguridade debe realizarse baixo o control dos xuíces e tribunais, conforme o establecido no art. 3.2 do vixente Código penal; pero a existencia dun control xudicial de execución presupón a existencia dunha execución administrativa que poida chegar a ser controlada, e neste sentido o mecanismo elixido polo Real decreto 515/2005 era o dun control xudicial a priori, baseado nunha proposta da Administración que no caso do traballo en beneficio da comunidade o xuíz de vixilancia debía previamente aprobar, o que na práctica implicaba dificultades de notificación das resolucións xudiciais a reos que non se encontran a inmediata disposición do xulgado correspondente. No novo modelo deseñado por este real decreto, ordenada a execución polo órgano xurisdiccional competente, articulada a través da oportuna orde ou mandamento xudicial de execución –ou de control e seguimento–, a Administración penitenciaria procederá á súa materialización, definindo un plan administrativo que se concretará citando previamente para audiencia o sentenciado, que ten así a oportunidade de expresar as súas prioridades individuais e sociais –familiares, educativas, laborais–; unha vez notificado ao sentenciado o plan, este ten executividade, e o sentenciado deberá proceder ao seu cumprimento escrupuloso, sen prexuízo das facultades revisoras da autoridade xudicial á cal se confíe o control xudicial de legalidade da execución administrativa da medida penal de que se trate, articuladas a través da posta en coñecemento do plan, sen prexuízo de que o sentenciado se poida opor a el.

Polo demais, no capítulo I régúlase o obxecto do real decreto, que se concentra na ordenación da actividade penitenciaria ante a regulación destas medidas penais –penas e medidas de seguridade–, e incorpora as definicións de conceptos que aparecen reiteradamente ao longo do articulado para facilitar a súa comprensión; no capítulo II régúlase as circunstancias de execución da pena de traballos en beneficio da comunidade; no capítulo III régúlase as condicións de execución da pena de localización permanente na modalidade de cumprimento en centro penitenciario; no capítulo IV régúlase o procedemento de control e seguimento, realizado pola Administración penitenciaria, das

obrigas e prohibicións impostas como condición da suspensión de execución de penas privativas de liberdade ou da substitución xudicialmente establecidas; no capítulo V regúlase o procedemento de execución de medidas de seguridade, e está dividido en dúas seccións, a primeira relativa ás medidas de seguridade privativas de liberdade, onde se fai unha remisión ao establecido no Regulamento penitenciario respecto do cumprimento en hospital psiquiátrico penitenciario; a segunda, dedicada á liberdade vixiada pospenitenciaria, regulando a necesidade de elevación dun informe que concrete o contido da dita liberdade vixiada por parte da xunta de tratamento por solicitude do xuíz de vixilancia penitenciaria, de cara á proposta que este debe dirixir ao órgano xurisdiccional competente para a execución. Finalmente, o capítulo VI regula as disposicións comúns aplicables a todo o real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación das actuacións que debe realizar a Administración penitenciaria para facer efectivo o cumprimento das penas de localización permanente en centro penitenciario, de traballos en beneficio da comunidade, de determinadas medidas de seguridade, así como da substitución e suspensión da execución das penas privativas de liberdade.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

1. Traballos en beneficio da comunidade, que non se poderán impor sen o consentimento do penado, obríganlo a prestar a súa cooperación non retribuída en determinadas actividades de utilidade pública, que poderán consistir, en relación con delitos de similar natureza ao cometido polo penado, en labores de reparación dos danos causados ou de apoio ou asistencia ás vítimas, así como na participación do penado en talleres ou programas formativos ou de reeducación, laborais, culturais, de educación variada, sexual e outros similares

2. Localización permanente: a localización permanente terá unha duración de ata seis meses. O seu cumprimento obriga o penado a permanecer no seu domicilio ou nun lugar determinado fixado polo xuíz na sentenza, ou posteriormente en auto motivado.

Non obstante, nos casos en que a localización permanente estea prevista como pena principal, atendendo á reiteración na comisión da infracción e sempre que así o dispoña expresamente o concreto precepto aplicable, o xuíz poderá acordar en sentenza que a pena de localización permanente se cumpra os sábados, domingos e días festivos no centro penitenciario máis próximo ao domicilio do penado.

3. Liberdade vixiada: a liberdade vixiada consistirá no sometemento do condenado a control xudicial a través do cumprimento pola súa parte dalgunha ou algunhas das seguintes medidas sinaladas no artigo 106 do Código penal:

- a) A obriga de estar sempre localizable mediante aparellos electrónicos que permitan o seu seguimento permanente.
- b) A obriga de se presentar periodicamente no lugar que o xuíz ou tribunal estableza.
- c) A de comunicar inmediatamente, no prazo máximo e polo medio que o xuíz ou tribunal sinala para o efecto, cada cambio do lugar de residencia ou do lugar ou posto de traballo.

- d) A prohibición de se ausentar do lugar onde resida ou dun determinado territorio sen autorización do xuíz ou tribunal.
- e) A prohibición de se aproximar á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.
- f) A prohibición de se comunicar coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.
- g) A prohibición de acudir a determinados territorios, lugares ou establecementos.
- h) A prohibición de residir en determinados lugares.
- i) A prohibición de desempeñar determinadas actividades que poidan ofrecerlle ou facilitarlle a ocasión para cometer feitos delituosos de similar natureza.
- j) A obriga de participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación sexual ou outros similares.
- k) A obriga de seguir tratamento médico externo, ou de someterse a un control médico periódico.

4. Servizos de xestión de penas e medidas alternativas: unidades administrativas multidisciplinares dependentes da Administración penitenciaria que teñen encomendada a tarefa de execución das medidas e penas alternativas á privación de liberdade.

5. Establecementos penitenciarios: aqueles centros da Administración penitenciaria destinados ao cumprimento das penas e das medidas de seguridade privativas de liberdade.

CAPÍTULO II

Do cumprimento da pena de traballos en beneficio da comunidade

Artigo 3. Comunicación da resolución xudicial.

Recibida a resolución ou mandamento xudicial que determine as condicións de cumprimento da pena de traballos en beneficio da comunidade, así como os particulares necesarios, os servizos de xestión de penas e medidas alternativas do lugar onde o penado teña fixada a súa residencia realizarán as actuacións necesarias para facer efectivo o cumprimento da pena.

Artigo 4. Determinación dos postos de traballo.

1. O traballo en beneficio da comunidade será facilitado pola Administración estatal, autonómica ou local. Para tal fin, poderán establecer os oportunos convenios entre si ou con entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades de utilidade pública, debendo remitir mensualmente á Administración penitenciaria a relación de prazas dispoñibles no seu territorio.

2. A Administración penitenciaria supervisará as súas actuacións e prestaralles o apoio e asistencia necesarios para o seu eficaz desenvolvemento.

3. O penado poderá propor un traballo concreto, que será valorado pola Administración penitenciaria para a verificación do cumprimento dos requisitos establecidos no Código Penal e neste real decreto, o cal se porá en coñecemento do xuíz de vixilancia penitenciaria.

Artigo 5. Valoración e selección do traballo.

1. Os servizos de xestión de penas e medidas alternativas, unha vez recibidos o mandamento ou orde xudicial de execución e os particulares necesarios, realizarán a valoración do caso para determinar a actividade máis adecuada, informando o penado das distintas prazas existentes, con indicación expresa do seu labor e do horario en que debería realizalo; así mesmo, escoitarase a proposta que o penado realice.

Cando as circunstancias ou características vinculadas á persoa condenada, ou derivadas da súa etiología delituosa, así o aconsellen, os profesionais dos servizos de xestión de penas e medidas alternativas ofertaránlle ao penado que a pena de traballo en

beneficio da comunidade se cumpra coa súa participación en talleres ou programas formativos ou de reeducación, laborais, culturais, de educación viaria, sexual e outros similares, dos que a Administración penitenciaria veña desenvolvendo como parte das políticas públicas desta natureza, ou que contén coa súa aprobación se o cumprimento mediante esta modalidade se realizase nun ámbito ou institución non penitenciaria.

2. Ao citar o penado, os servizos de xestión de penas e medidas alternativas advertirano das consecuencias da súa non comparecencia. Nos supostos de incomparecencia non xustificada remitirán os testemuños oportunos ao órgano xurisdiccional competente para a execución.

3. Realizada a valoración, elaborárase o plan de execución e daráselle traslado ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria para o seu control, sen prexuízo da súa inmediata executividade.

Non obstante, no caso de que o penado acredite, de forma que faga fe, que se opón ao cumprimento do plan de execución, informarase o xuíz de vixilancia penitenciaria de tal feito, para os efectos que considere oportunos.

Artigo 6. *Xornada e horario.*

1. Cada xornada terá unha duración máxima de oito horas diarias. Para determinar a duración e o prazo en que deberán cumprirse as xornadas valoráranse as cargas persoais ou familiares do penado, así como as súas circunstancias laborais e, no caso de programas ou talleres, a natureza destes.

2. A execución desta pena estará rexida por un principio de flexibilidade para compatibilizar, na medida do posible, o normal desenvolvemento das actividades diarias do penado co cumprimento da pena imposta. Para tal efecto, cando concorra causa xustificada, poderase considerar o cumprimento da pena de forma partida, no mesmo ou en diferentes días.

Artigo 7. *Seguimento e control.*

1. Durante o cumprimento da condena, o penado deberá seguir as instrucións que reciba do xuíz de vixilancia penitenciaria, dos servizos de xestión de penas e medidas alternativas, así como as directrices da entidade para a cal preste o traballo.

2. A Administración pública ou entidade privada que desenvolva actividades de utilidade pública e que lle facilitase o traballo ao penado, informará periodicamente os servizos de xestión de penas e medidas alternativas da actividade que vai sendo desenvolvida polo penado e das incidencias relevantes durante o desenvolvemento do plan de execución, así como da finalización deste.

Artigo 8. *Incidencias durante o cumprimento.*

Efectuadas as verificacións necesarias, os servizos de xestión de penas e medidas alternativas comunicarán ao xuíz de vixilancia penitenciaria as incidencias relevantes da execución da pena, para os efectos e nos termos previstos no artigo 49.6.^a e 7.^a do Código penal.

Artigo 9. *Informe final.*

Unha vez cumprido o plan de execución, os servizos de xestión de penas e medidas alternativas informarán de tal circunstancia ao xuíz de vixilancia penitenciaria e mais ao órgano xurisdiccional competente para a execución, para os efectos oportunos.

Artigo 10. *Información xeral e particular.*

1. A Administración penitenciaria facilitará, con carácter xeral, ás autoridades xudiciais e fiscais e aos colexios de avogados, cando así sexa reclamado por estes, información relativa a esta pena, a súa forma de execución e traballo dispoñible.

2. Esta información tamén se transmitirá a todas aquelas persoas, por solicitude previa destas, que se encontren en situación procesual susceptible de que se lles aplique esta pena, así como aos seus letrados.

Artigo 11. *Seguridade Social e prevención de riscos laborais.*

1. Os penados a traballos en beneficio da comunidade que se encontren cumpríndoa, unicamente estarán incluídos na acción protectora do réxime xeral da Seguridade Social para efectos das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais polos días de prestación efectiva do dito traballo, agás que realicen o cumprimento desta pena mediante a súa participación en talleres ou programas formativos ou de reeducación, laborais, culturais, de educación viaria, sexual e outros similares, caso en que estarán excluídos da citada acción protectora.

2. Nas mesmas condicións previstas no número anterior, estarán protexidos pola normativa laboral en materia de prevención de riscos laborais.

CAPÍTULO III

Do cumprimento da pena de localización permanente en centro penitenciario

Artigo 12. *Competencia da Administración penitenciaria.*

A Administración penitenciaria será competente para a execución da pena de localización permanente nos casos en que recaese resolución xudicial que acorde que o lugar de cumprimento sexa un establecemento penitenciario.

Artigo 13. *Lugar, horario e modo de cumprimento.*

1. Cando, conforme o establecido no artigo 37.1 do Código penal, así o dispoña a autoridade xudicial, a pena de localización permanente cumprírase os sábados, domingos e días festivos no establecemento penitenciario máis próximo ao domicilio do penado. No caso de que existan varios establecementos penitenciarios na mesma localidade, o lugar de cumprimento será determinado pola Administración penitenciaria.

2. Recibida a resolución ou mandamento xudicial que determine o cumprimento da pena de localización permanente en establecemento penitenciario, así como os particulares necesarios, o establecemento penitenciario definirá o plan de execución, que será comunicado ao órgano xurisdiccional competente para a execución, sen prexuízo da súa inmediata executividade. Entregaráselle unha copia do citado plan ao penado, que asinará a notificación.

3. Non obstante, no caso de que o penado acredite, de forma que faga fe, que se opón ao plan de execución, informarase o órgano xurisdiccional competente para a execución de tal feito, para os efectos que considere oportunos.

4. O ingreso terá lugar o sábado ou día festivo inmediatamente anterior entre as 9 e as 10 horas e a permanencia será ininterrompida ata as 21 horas do domingo ou, de ser o caso, do día festivo inmediatamente posterior. Este mesmo horario se observará no suposto de día festivo non enlazado.

Non se lle admitirá ao penado que se presente unha vez transcorrido o horario de ingreso, ou ben dentro dese horario evidenciando un estado psicofísico incompatible co normal cumprimento da pena, ou concorrendo circunstancias que notoriamente o obstaculicen. Destes feitos levantarase acta, na que se indicará expresamente a hora en que se presentou e as razóns alegadas polo penado para xustificar o atraso, así como as circunstancias concurrentes, de ser o caso, e remitirase ao órgano xurisdiccional competente para a execución.

5. O penado cumprirá a pena de localización permanente na cela que se lle asigne. Procurarase que desfrute dun mínimo de 4 horas diarias fóra dela.

O penado terá dereito a dispor, á súa custa, dun pequeno reprodutor de música ou radio na súa cela, así como de libros, prensa e revistas impresas de pública circulación, e non poderá recibir comunicacións, visitas nin paquetes.

6. O penado deberá respectar as normas de réxime interior, manter en bo estado a súa cela, efectuando os labores de limpeza e aseo desta antes de a desaloxar, adoptar as medidas de hixiene persoal que se lle indiquen, manter un bo comportamento e acatar as instrucións e ordes que reciba.

7. A tenza de roupa e demais efectos persoais no interior da cela quedará limitada á que sexa normal para o seu uso durante o tempo de permanencia no centro, debendo ser obxecto de determinación nas normas de réxime interior.

8. O penado estará sometido ao réxime xeral do establecemento, en canto resulte de aplicación á natureza desta pena e a súa forma de execución.

9. Cumprida a pena, o establecemento penitenciario remitirá un informe final ao órgano xurisdiccional competente para a execución.

10. Na falta do establecido nos números anteriores, aplicaranse os preceptos da Lei orgánica xeral penitenciaria e do seu regulamento de desenvolvemento, en canto non se opoñan á natureza da pena nin ás súas condicións de cumprimento.

CAPÍTULO IV

Da suspensión da execución de penas privativas de liberdade e da substitución de penas

Artigo 14. Comunicación da resolución xudicial.

Recibida a resolución ou mandamento xudicial que determine as condicións de cumprimento da suspensión da execución dunha pena privativa de liberdade, así como os particulares necesarios, cando se impoña algún dos deberes ou obrigas previstos no artigo 83.1.5.^a e 6.^a do Código penal ou a condición de tratamento e demais requisitos previstos no seu artigo 87, os servizos que xestionan as penas e medidas alternativas do lugar onde o penado teña fixada a súa residencia realizarán as actuacións necesarias para facer efectivo o seu cumprimento.

Artigo 15. Elaboración do plan de intervención e seguimento.

1. Unha vez recibida nos servizos de xestión de penas e medidas alternativas a documentación prevista no artigo anterior, procederán ao estudo e valoración da situación do condenado e, en atención a ela, elaborarán o plan individual de intervención e seguimento, que se comunicará para o seu coñecemento ao órgano xurisdiccional competente para a execución, sen prexuízo da súa inmediata executividade.

2. No caso de que as circunstancias do condenado fagan necesario modificar algunha das obrigas inicialmente impostas, realizarase a proposta no plan de intervención e quedarase á espera do que resolva o órgano xurisdiccional competente para a execución.

3. Non obstante, no caso de que o penado acredite, de forma que faga fe, que se opón ao cumprimento do plan de intervención, informarase o órgano xurisdiccional competente para a execución de tal feito, para os efectos que considere oportunos.

Artigo 16. Remisión ao centro ou servizo específico.

Cando corresponda, os servizos de xestión de penas e medidas alternativas remitirán o caso ao servizo ou centro correspondente, para que o condenado inicie ou continúe o tratamento ou programa xudicialmente establecidos.

Artigo 17. *Seguimento e control.*

Durante o período de suspensión, os servizos de xestión de penas e medidas alternativas efectuarán o control das condicións fixadas no plan de intervención e seguimento.

Artigo 18. *Informes.*

1. Os servizos de xestión de penas e medidas alternativas informarán o órgano xurisdiccional competente para a execución sobre a observancia das regras de conduta impostas cando así o solicite ou coa frecuencia que este determine e, en todo caso, cada tres meses conforme o Código penal.

2. Así mesmo, informarán cando as circunstancias persoais do condenado se modifiquen, cando se produza calquera incumprimento das regras de conduta impostas e cando finalizase o cumprimento das obrigas impostas.

Artigo 19. *Substitución de penas.*

No suposto de substitución regulado no artigo 88.1 do Código penal, se se lle impuxer ao condenado, xunto á pena de traballos en beneficio da comunidade, a obriga de seguir un programa específico de reeducación e tratamento psicolóxico, os servizos de xestión de penas e medidas alternativas remitirán o condenado ao centro, institución ou servizo específico para a realización do dito programa, de forma compatible co cumprimento da pena, e realizarán o pertinente seguimento do programa, do que informarán oportunamente o órgano xurisdiccional competente para a execución.

CAPÍTULO V

Do cumprimento de medidas de seguridade competencia da Administración penitenciaria

Sección 1.^a Medidas de seguridade privativas de liberdade

Artigo 20. *Medidas de seguridade.*

As medidas de seguridade cumpriranse nos centros adecuados, públicos ou concertados, das administracións públicas competentes por razón da materia e do territorio.

Artigo 21. *Competencia da Administración penitenciaria.*

A Administración penitenciaria será competente para a execución das medidas privativas de liberdade de internamento en establecemento ou unidade psiquiátrica penitenciaria.

Artigo 22. *Cumprimento en establecemento ou unidade psiquiátrica.*

1. Cando a autoridade xudicial acorde a imposición dunha medida de seguridade de internamento nun establecemento ou unidade psiquiátrica penitenciaria, observarase o disposto nos artigos 183 a 191 do Regulamento penitenciario vixente.

2. O disposto no número anterior é tamén aplicable aos casos en que o xuíz de vixilancia penitenciaria impoña unha medida de seguridade de internamento ao abeiro do previsto no artigo 60 do Código penal.

Sección 2.^a Libertade vixiada posterior ao cumprimento da pena privativa de liberdade

Artigo 23. *Competencia da Administración penitenciaria.*

Nos supostos en que se lle impuxese ao penado a medida de liberdade vixiada de cumprimento posterior a unha pena privativa de liberdade, a Administración penitenciaria, antes de finalizar o cumprimento da pena privativa de liberdade e por solicitude do xuíz de vixilancia penitenciaria, elevará a este un informe técnico sobre a evolución do penado, para os efectos previstos no artigo 106, parágrafo 2, do Código penal. O referido informe será elaborado pola xunta de tratamento, ou órgano autonómico equivalente, do centro penitenciario en que o penado estea a cumprir condena, ou daquel a que estea adscrito se se encontra en liberdade condicional.

CAPÍTULO VI

Disposicións comúns

Artigo 24. *Órganos penitenciarios competentes.*

1. A Administración penitenciaria, a través dos servizos de xestión de penas e medidas alternativas do lugar onde o penado teña fixada a súa residencia, recibirá as resolucións xudiciais, así como os particulares necesarios, dentro do seu ámbito competencial.

2. Non obstante, no caso da pena de localización permanente en establecemento penitenciario, liberdade vixiada pospenitenciaria e medidas de seguridade privativas de liberdade, de ser o caso, a dita comunicación efectuarase ao establecemento penitenciario en que se atope ingresado.

Artigo 25. *Coordinación en casos de penas ou medidas de seguridade impostas por feitos relacionados coa violencia de xénero.*

No casos en que algunha das penas ou medidas previstas neste real decreto sexan impostas por feitos relacionados coa violencia de xénero, a Administración penitenciaria coordinará as súas actuacións coas forzas e corpos de seguridade, as oficinas de asistencia ás vítimas e a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero.

Artigo 26. *Traslados de expedientes.*

Cando unha persoa sometida a algunha das penas, medidas ou suspensión cuxa execución regula este real decreto traslade a súa residencia dunha provincia a outra, ou ás cidades de Ceuta e Melilla, os servizos de xestión de penas e medidas alternativas informarán o xulgado ou tribunal competente.

Artigo 27. *Comisión técnica de apoio e seguimento.*

1. A Administración penitenciaria poderá crear unha comisión técnica de apoio e seguimento, conformada polo personal penitenciario que se determine, para que realice funcións de mera información e apoio técnico aos órganos competentes da Administración penitenciaria, naquelas tarefas de implementación do sistema de execución das penas desenvolvidas neste real decreto. A dita comisión terá a natureza xurídica propia dun grupo de traballo, de conformidade co previsto no punto terceiro do artigo 40 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. Da comisión técnica de apoio e seguimento a que se refire o número anterior poderán formar parte, así mesmo, os representantes das entidades públicas ou privadas que colaboren na execución das distintas penas e medidas de seguridade.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogado expresamente o Real decreto 515/2005, do 6 de maio, polo que se establecen as circunstancias de execución das penas de traballo en beneficio da comunidade e de localización permanente, de determinadas medidas de seguridade, así como da suspensión da execución das penas privativas de liberdade.

2. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación penitenciaria.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízanse os ministros de Xustiza, do Interior, de Traballo e Inmigración, e de Sanidade, Política Social e Igualdade para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA